






MODIFICACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA DO ACORDO DO VINTE DE XUÑO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO, ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS ANPE, CC.OO, CSI-CSIF E FeSP-UGT, SOBRE O ACCESO Á FUNCIÓN PÚBLICA DOCENTE EN CALIDADE DE PROFESOR INTERINO E SUBSTITUTO.



Na oferta de emprego do ano 2018 convocaranse por primeira vez procedementos selectivos para o ingreso na especialidade de "Organización e xestión comercial" do corpo de profesores de ensino secundario. Isto obriga a elaborar unha lista desta especialidade coa finalidade de cubrir as interinidades e substitucións que procedan. Coa finalidade de preservar os dereitos das persoas que viñan prestando servizos como persoal interino ou substituto nesta especialidade, acordase darlle unha nova redacción á disposición adicional primeira do Acordo do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco, que queda redactada do seguinte xeito:



“1. Mentres non se realice concurso-oposición na especialidade de organización e xestión comercial, as interinidades e substitucións das especialidades de administración de empresas e organización e xestión comercial cubriranse cunha única lista.





Cando se convoque o concurso-oposición nesta especialidade, configurarase a lista da mesma entre as persoas que se presenten ao concurso-oposición, tendo en conta que terán prioridade as






pertencentes á lista de Administración de Empresas incluídas no punto 1 do apartado 2 do presente acordo, sempre que se presenten por calquera especialidade.

2. Mentres non se realice concurso-oposición na especialidade de procesos de xestión administrativa, as interinidades e substitucións das especialidades de procesos de xestión administrativa e procesos comerciais cubriranse cunha única lista.


Cando se convoque o concurso- oposición nesta especialidade, configurarase a lista da mesma entre as persoas que se presenten ao concurso-oposición, tendo en conta que terán prioridade as pertencentes á lista de Procesos Comerciais incluídas no punto 1 do apartado 2 do presente acordo, sempre que se presenten por calquera especialidade.


3. Mentres non se realice concurso-oposición na especialidade de operacións de proceso, as interinidades e substitucións das especialidades de laboratorio e operacións de proceso cubriranse cunha única lista.


Cando se convoque o concurso-oposición nesta especialidade, configurarase a lista da mesma entre as persoas que se presenten ao concurso oposición, tendo en conta que terán prioridade as pertencentes á lista de laboratorio incluídas no punto 1 do apartado 2 do presente acordo, sempre que se presenten por calquera especialidade.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

4. O establecido na epígrafe 2 do punto segundo do presente acordo será de aplicación ás especialidades nas que se convoque procedemento selectivo de ingreso a partir do ano 2017, incluído este.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

***POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA***
O director xeral de Centros e Recursos Humanos


José Manuel Pinal Rodríguez

POR CC.OO


José M. Fuentes Fariña

POR ANPE


Julio Díaz Escolante

POR FeSP-UGT


Paula Carreiro Prieto

POR CSI-CSIF


**Marília Inés Cunha
de Oliveira**